

INCORPORACIÓN OPE: DESFRUTE VACACIÓNS E LDS

Trala publicación das instrucións de ceses e incorporacións que se aplicarán para os procesos selectivos en curso, infórmamos do seguinte:

Con respecto as **vacacións**, os traballadores/as que tomen posesión no proceso selectivo **noutra área sanitaria** poderán elixir:

1. O **desfrute** das vacacións na área de destino.
2. A súa **liquidación** na área de orixe.

Se queren que non se lles liquiden as vacacións, terán que notificalo na área de orixe.

En canto ós **LDS**, facilitarase un certificado no que se especifique os xa desfrutados na área de orixe.

O persoal que obteña destino na **mesma área sanitaria** non será obxecto de liquidación ningunha.

Se tes algunha dúbida ou consulta,
acode a túa sección sindical de CCOS

3 de abril do 2025